



San José e máis María
eles iban pra Belén-he,
iban cantando nos reices,
cantémolos nos tamén-he.

(Pandeireta)

Ai la la le lo...

Iban d'aldea 'n aldea
de lughar en lughar-e
perghuntando por Jesús
e no podían encontrar-e.

(Pandeireta)

Ai la la le lo...

- Viñeran outros no repertorio que aínda eran máis bonitos, carajo. Cantaban, a ghaita tocábana sempre pero cando era a outra volta tocaba a pandeireta.
- Ah, si? Unha vez a gaita e outra a pandeireta.
- Eso, eso. No, a ghaita tocábase seghido en canto cantaban e todo pero despois cando daban a outra volta...

San José iba moi triste
porqu'iba por las montañas,
María iba moi leda
leva Cristo nas entrañas.

(Pandeireta)

Ai la la le lo...